



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE DODRO PARA A
CELEBRACIÓN DO XXX PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Dodro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A celebración do XXX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A celebración deste premio ten por obxecto principal poñer de manifesto a actividade cultural que representa a lírica galega e honrar a memoria do escritor Eusebio Lorenzo Baleirón.





Neste ano 2017 o Premio de Poesía acada a súa XXX edición, o que o converte nun dos máis afamados e antigos de Galicia, e que ano tras ano aumenta de xeito considerable a súa participación, non só pola dotación económica, se non tamén polo recoñecemento que implica.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade porque se trata dun premio cunhas características especiais que o fai único en Galicia, motivo polo que a Consellería decide colaborar na súa celebración.

Por todo o anterior, o Concello de Dodro é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade, con estas especiais características, a única que se desenvolve na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de abril de 2017.

